



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Talleres de directivos	Código	611507001	
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEmpresa			
Coordinación	Martinez Fernandez, Valentin	Correo electrónico	valentin.martinez@udc.es	
Profesorado	Casal Rodríguez, Bruno González García, Isaías Martinez Fernandez, Valentin	Correo electrónico	bruno.casal@udc.es isaias.gonzalezg@udc.es valentin.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Os talleres de directivos son unha peza central no deseño metodolóxico para a aplicación do método deste máster. A filosofía que subxace nos talleres directivos resúmese nos seguintes puntos:</p> <ul style="list-style-type: none">- A utilización do método do caso práctico ou proxecto de grupo.- O caso ha de ser explicado de forma interdisciplinar. Isto esixe unha gran coordinación entre as diferentes materias curriculares do MUDAE. Iso require que o caso sexa común para todas elas, sen prexuízo de que determinados contidos de cada materia esixan o desenvolvemento de casos breves concretos.- O caso ha de ser resolto mediante equipos ou grupos de traballo.- O caso se instrumentará, ao comezo do máster, nunha empresa caso para cada un dos grupos de traballo constituídos, que se manterá ao longo do curso.- Cada un dos proxectos establecidos terá un titor que actuará como responsable da empresa. <p>Así mesmo, o alumno entrará en contacto co mundo real da empresa a través dunha serie de conferencias ou charlas impartidas por directivos e profesionais. Estas actividades permitirán que o alumno comece a coñecer a forma en que as empresas abordan os problemas que se lles expoñen, entra en contacto coa xerga propia da actividade empresarial e coñece de primeira man as metodoloxías e solucións que se aplican.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos. Non se realizan cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense as mesmas *Metodoloxías docentes que se modifican Mantéñense as mesmas metodoloxías pero adaptaranse aos procedimentos de formación virtual. Empregando as plataformas Moodle e Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Empregaranse como mecanismos: correo electrónico, Moodle e Teams. O horario de titorías adaptarase aos grupos de traballo e aos requerimentos do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse os mesmos criterios. Adaptaranse aos procedimentos de formación virtual. Empregando as plataformas Moodle e Teams. *Observacións de avaliación: As mesmas que na presencial pero adaptaranse ao entorno virtual. Na segunda oportunidade os criterios de avaliación serán os mesmos que os que se aplican na modalidade presencial, se ben adaptada a un entorno de formación virtual.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía. Sen modificacións.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE01 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da revisión crítica das actuacións sociais e ambientais das empresas.
A2	CE02 - Comprender a incidencia da contorna na actividade empresarial: dispor de coñecementos adecuados para interpretar e elaborar estratexias de actuación social e ambiental da empresa.
A13	CE13 - Desempeñar os roles directivos
A15	CE15 - Aprender os principios básicos de dinámica de sistemas e as técnicas de simulación dinámica.
B1	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B5	CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que habrá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	CG1 - Organizar e planificar a xestión empresarial.
B7	CG2 - Resolver problemas empresariais.
B8	CG3 - Tomar decisións na empresa de forma efectiva.
B9	CG4 - Compromiso ético na dirección empresarial.
B10	CG5 - Aplicar coñecementos á xestión empresarial
B11	CG6 - Aprender novas técnicas de dirección de empresas.



B12	CG7 - Adaptarse a novas situacións e xerar novas ideas no mundo empresarial.
B13	CG8 - Xestionar e administrar unha empresa ou organización entendendo a súa localización competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
B14	CG9 - Entender a importancia da cultura emprendedora.
B15	CG10 - Desenvolver no alumno capacidades analíticas, sintéticas e operativas necesarias para actuar no mundo das empresas familiares, o cal implica a capacidade para trasladar os coñecementos recibidos a situacións concretas.
C1	CT01 - Saber manexar as fontes de información relevante e o seu contido
C2	CT02 - Valorar criticamente o coñecemento e a tecnoloxía.
C3	CT03 - Valorar a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a carreira profesional.
C4	CT04 - Traballar en equipo e desenvolver un espírito lóxico e creativo.
C5	CT05 - Capacidade de análise e síntese
C6	CT06 - Comunicación oral e escrita.
C7	CT07 - Capacidade crítica.
C8	CT08 - Capacidade de liderado
C9	CT09 - Habilidade para traballar de forma autónoma.
C10	CT10 - Capacidade para comunicarse con expertos doutras áreas.
C11	CT11 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Conseguir unha formación interdisciplinar esencial para resolver calquera problema empresarial.	AP1 AP13	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BP8 BP9 BP10 BP11 BP12 BP13 BP14 BP15
Pór en contacto o estudante co contorno empresarial real.	AP1 AP2 AP15	BP1 BP2 BP3 BP4 BP6 BP7 BP8 BP9 BP10 BP12 BP14	CP1 CP2 CP3 CP4 CP5 CP6 CP7 CP8 CP9 CP10 CP11

Contidos



Temas	Subtemas
Antecedentes do proxecto	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
O modelo de negocio	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Obxectivos estratéxicos	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Definición do mercado	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Análise da competencia	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Plan de márketing	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Plan de operacións	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Plan de recursos humanos	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Viabilidade económico e financeira. Creación de valor.	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.
Implantación: diseño e implantación de sistemas de información, planificación y control.	Especificarase na aula en función do proxecto concreto.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	20	40	60
Presentación oral	C6 C7 C8 C9 C10 C11	4	8	12
Discusión dirixida	A20 B3 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C5 C6 C7 C8 C10 C11	8	24	32
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A13 A15 C3	16	16	32
Análise de fontes documentais	C1 C2 C5 C6 C7 C10 C11	1	3	4
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos	<p>Un caso concrétese nun proxecto que os estudantes teñen que desenvolver en grupo durante o curso. O caso/proxecto terá carácter interdisciplinar e deberá estar orientado á toma de decisións, a súa implantación e avaliación polo grupo.</p> <p>Para iso o desenvolvemento do proxecto seguiranse os pasos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formásense grupos de alumnos. - Crearase un caso de empresa por grupo. - Un profesor con experiencia profesional de recoñecida traxectoria responsabilizarase da dirección de cada unha das empresas caso. - Cada grupo responsabilizarase da adopción e execución de decisións que a dirección da súa empresa encoméndelle. - Para o cumprimento do punto anterior, os alumnos han de solicitar os coñecementos precisos de forma interdisciplinar, intradisciplinar e transversal. - Os grupos non se poderán disolver, en caso de problemas entre os integrantes do grupo, serán os propios alumnos quen deberán de xestionar os conflitos ou resolver as discrepancias. Non poderán abandonar o grupo ao cal fosen asignados. <p>Ao longo do curso académico o alumno participará no desenvolvemento dos labores de xestión do caso de empresa asignado.</p>
Presentación oral	Periodicamente cada grupo deberá facer unha presentación oral dos avances efectuados no seu traballo e a situación na que se atopa remarcando a evolución tanto da formulación do problema como das sucesivas etapas polas que o traballo foi avanzando.
Discusión dirixida	Consiste nun intercambio de ideas e opinións entre os integrantes de cada un dos grupos e os responsables dos casos de empresa acerca dun tema específico relacionado co caso.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos organizados polo equipo docente da materia ou a coordinación de MUDAE co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados co proxecto. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Análise de fontes documentais	O estudante deberá de identificar e consultar as fontes documentais necesarias para o problema que pretenda resolver en cada momento. O profesor ha de ser un colaborador e orientador fundamental.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	O profesor ademais de atender as cuestións expostas polos estudantes en cada unha das clases, atenderaos de forma máis ampla e personalizada nas sesións de tutorías.
Discusión dirixida	
Presentación oral	
Análise de fontes documentais	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	Valorarase a capacidade do alumno para aplicar a metodoloxía do caso utilizando os coñecementos específicos desta materia.	50



Presentación oral	C6 C7 C8 C9 C10 C11	Valorarase a capacidade do alumno para presentar oralmente os coñecementos específicos desta materia aplicados ao caso de empresa.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A13 A15 C3	Valorarase a asistencia e a elaboración de ensaios críticos sobre charlas/conferencias dos profesionais invitados.	20

Observacións avaliación

Avaliación Segunda Oportunidade e Convocatoria adiantada: O sistema de avaliación aplicado na primeira oportunidade manterase para as demais oportunidades dacordo aos seguintes criterios. No caso do Estudo de casos e Presentación oral: Para os estudantes que participaron activamente, no proxecto empresarial, desenvolto polo equipo ao que foron asignados, na cal consta a súa participación mediante a pertinente avaliación continua, pediráselles que realicen e presenten un traballo corrixido e ampliado daquela parte ou partes que non alcanzasen os mínimos requiridos.

Para aqueles estudantes que non participasen de modo activo, no proxecto empresarial, desenvolto polo equipo ao que foron asignados, esixiráselles que realice e presente un traballo inédito relacionado co proxecto e cun enfoque orixinal, sempre en coherencia coa visión integral do realizado polo alumnado que superou a primeira oportunidade. No caso dos eventos científicos/divulgativos: Pediráselles a todos os alumnos que realicen algún ensaio crítico sobre situacións concretas e reais á cales se tiveron que enfrontar ou se terían que enfrontar, vinculadas coas decisións no ámbito da dirección, xestión ou administración de empresas. Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, titorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, pero terán a mesma obrigaón de realizar actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo.

Cualificación

de non presentado Corresponde ao alumno, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

Fontes de información

Bibliografía básica	Será o propio estudante quen busque as referencias documentais e materiais bibliográficos para resolver os problemas que se lle formulen. Tamén os docentes proporán materiais concretos ao longo do desenvolvemento da materia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías